



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Alfonso Pexegueiro

[Ramón Nicolás](#) [15 Setembro 2015](#)

1.– Principal trazo do seu carácter?

-A dúbida. A escoita.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-A bondade. A escoita.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Todo. Falar con elas coma se falase comigo mesmo, parafraseando a Cicerón.

4.– A súa principal eiva?

-Confiar demasiado, entregarme á primeira...

5.– A súa ocupación favorita?

-Soñar mundos novos; ler; pasear pola natureza; non facer nada...

6.– O seu ideal de felicidade?

-Amar e ser amado.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-O abandono.

8.– Que lle gustaría ser?

-Muller, e bailarina.

9.– En que país desexaría vivir?

-Onde se respecte, atenda, escoite e coide a infancia.

10.– A súa cor favorita?

– O Azul. Ata o gris non é gris, senón un azul que se esconde.

11. – A flor que máis lle gusta?

-A flor das árbores das froitas; as violetas, as lilas, a rosa, os lirios...

12.– O paxaro que prefire?

-O paporrubio, a andoriña, a aguia, a curuxa...

13.– A súa devoción na prosa?

-Partindo de que toda escritura é feminina, e que é o neno ou a nena quen dita (a infancia faise linguaxe e escribe), Dostoievski, Gogol, Kafka, Yasunari Kawabata, Selma Lagerlof, Tolstoi, Hermann Broch, Robert Musil, Anna Seghers, Knut Hamsun, Valle Inclán, Lu Xun, Thomas Bernhard...

14.– E na poesía?

-Holderlin, Rilke, Rimbaud, Ezra Pound, T.S. Eliot, Emily Dickinson, Paul Celan, San Juan de la Cruz, Juan Ramón Jiménez, Anna Ajmatova, Nelly Sachs, Sylvia Plath, Alejandra Pizarnik, Li Bai, Tu Fu... a poesía galega medieval...

15.– Un libro?

–*Crime e castigo*, *Moby Dick*, *Almas mortas*, *Don Quijote*, *Ana Karenina*, *País de neve*, *O ruído e*

a furia, O home sen atributos, A morte de Virxilio, Pedro Páramo, o Tractatus, Así falou Zaratustra, A metamorfose de Kafka, Opinións dun pallaso, Os campesiños de Wladislaw Reymont, O saber proscrito e Polo teu propio ben de Alice Miller, O campo e a cidade de Raymond Williams...

16.– Un heroe de ficción?

-Partindo de que non creo no concepto heroe (cobren unha covardía social) mais, como personaxe creado: O principiño

17.– Unha heroína?

-O mesmo. Antígona.

18.– A súa música favorita?

-Beethoven, Schubert, Bach, Stravinsky, Bartok, Shöenberg... Eva Cassidy, Janis Joplin, Edith Piaf, Elis Regina, Nina Simone, Lhasa De Sela,...

19.– Na pintura?

– Van Gogh, Rothko, Giotto, Rembrandt, Gauguin, Cezanne, Goya, Chagall, Kiefer, Miró, Bacon, Cy Tombly, Kiefer...

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-Non hai heroes ou heroínas, só persoas humanas e éticas, responsables e atentas, nese sentido: Hipatia, Alice Miller, Milena Jesenská, Emma Goldman, Simone Weil, Janusz Korczak, Marie Curie...

21.– O seu nome favorito?

-Liberdade.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-A mentira (non confundir co que o neno, nena cala ou non quer dicir –os nenos nunca menten; este foi un dos erros de Freud ao non lles crer cando falaban dos seus malos tratos sufridos-, cando só se queren protexer do castigo ou do maltrato sempre inxusto e que non comprenden).

23.– O que máis odia?

-O maltrato na infancia (o maltrato en xeral); a covardía; a hipocrisía; a estupidez; a vulgaridade...

24.– A figura histórica que máis despreza?

-Calquera figura patriarcal ou ditatorial. Aquelas que xeran e reproducen maltrato, violencia, crime, explotación, miseria...

25.– Un feito militar que admire?

-Ningún. O exército son a evidencia do fracaso da humanidade como sociedade, igual que a escravitude.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-Chegar a ser eu mesmo...

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-Non nacendo; ou, xa que te nacen: Soñando que non atoparei mundos coma este, onde téndoo todo non o soubemos ver...

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-A soidade. A esperanza.

Fósiles dunha xeración utópica....

....

significa que o mar nos foi deixando solitarios
como ás bestas
e non puidemos derriba-la esperanza.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-Aqueles que non conleven maldade, perversidade...

30.– Un lema na súa vida?

-Que os soños nos axuden a descubrir a realidade e que a realidade nos permita descubrir os soños.